



## Pícnic de peche dos Clubs de Lectura da Biblioteca Escolar

Estamos nos derradeiros días do curso, e dende a Biblioteca Escolar desexariamos realizar unha convivencia especial como acto de peche dos Clubs de Lectura deste curso 2022-23.

A actividade consistirá en **quedar a comer no centro** o vindeiro luns **19 de xuño de 2023 a entre as 14:10 e as 16:20**, e nela compartiremos comida e charlas arredor dos libros e bandas deseñadas que lemos este curso.

A idea é comer algo lixeiro (por iso é un pícnic), e aproveitar ao máximo o tempo para charlar das nosas lecturas. Con esta actividade clausuraremos a actividade dos clubs deste curso.

### Organización da participación do alumnado e profesorado:

O luns 19 de xuño, o alumnado inscrito aos clubs non volverá ás casas ao mediodía, quedando no centro en compañía das profesoras e bibliotecarias Mariluz e Renée, xunto con outras dúas profesoras membros dos clubs de lectura.

**Como será a comida?** Dende a Biblioteca Escolar do IES Lamas de Castelo colaboraremos traendo algunhas pizzas ou sándwiches e auga. O **alumnado participante é libre** de:

- traer o seu propio bocadillo/ comida e bebida para consumo persoal;
- traer algo que desexe compartir (froita, un biscoito...) cos compañeiros/as de lecturas.

**Ás 16:20, todos (alumnado e profesorado) retomaremos a actividade lectiva normal.**



## Autorización para a comida-pícnic de alumnado e profesorado participantes dos clubs de lectura 2022-23. IES Lamas de Castelo

Eu, (nome e apelidos) ....., con  
DNI..... e pai/ nai/ titor, -a legal de (nome e apelidos) .....  
..... de (curso e grupo) ....., autorizo a que quede  
a comer no centro **como acto de despedida dos clubs de lectura** organizada polo Equipo  
de **Biblioteca Escolar**, que terá lugar o luns 19/06/23 entre as 14:10 e 16:20.

**Para unha mellor organización do pícnic, rogamos que quen desexe colaborar con algo de comer, nolo informe ao equipo de biblioteca, para evitar excesos nin repeticións de comidas. Animamos a que o alumnado traia os seus propios cubertos e evitar usar os desbotables.**

Sinatura



Carnota, a ..... de xuño de 2023